

HISTORIA DA MÚSICA

Opción A (teórico)

Tema: *A ópera en Italia*

- a) Tendencias/escolas na ópera italiana do s. XIX
- b) G. Verdi

Opción A. Definicións:

1. Recitativo
2. Foso da orquestra
3. Director de escena
4. Aria

Opción B (teórico)

Tema: *As formas vocais no Barroco*

- a) Oratorio e cantata
- b) Juan Sebastián Bach

Opción B. Definicións:

1. Órgano
2. O coral protestante
3. O baixo continuo
4. Aria

Audicións (práctico)

1ª opción.

- a) Identificar a obra e a súa datación aproximada
- a) Analizar o autor e o seu contexto
- b) Xénero ó que pertence
- c) Estrutura

2ª opción.

- a) Identificar a obra e a súa datación aproximada
- b) Analizar o autor e o seu contexto
- c) Xénero ó que pertence
- b) Orquestración

HISTORIA DA MÚSICA

Opción A (teórico)

Tema: *A orquestra*

- a) Clasificación por familias dos instrumentos da orquestra sinfónica
- b) O *concerto grosso* e o concerto para solista

Opción A. Definicións:

1. Tema con variacións
2. O director de orquestra
3. A viola
4. O poema sinfónico

Opción B (teórico)

Tema: *O Renacemento musical*

- a) Características xerais da música no Renacemento
- b) Música da Contrarreforma: Palestrina

Opción B. Definicións:

1. A misa
2. O madrigal
3. Cuarteto vocal
4. O contrateno

Audicións (práctico)

1ª opción

- a) Identificar a obra e a súa datación aproximada
- b) Analizar o autor e o seu contexto
- c) A orquestra Barroca
- d) Xénero ó que pertence a obra

2ª opción

- a) Identificar a obra e a súa datación aproximada
- b) Analizar o autor e o seu contexto
- c) Clasificar a voz que interpreta a obra
- d) Xénero da obra

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOG. Valorarase, asimesmo, a capacidade do alumno/a para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando cantos máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumnado poida encadrala axeitadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse / deducirse da audición.

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIÓNS

1.- Haberá dous bloques: teórico e práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 / 4 puntos (6 o teórico, 4 o práctico).

| | |
|-----------------|-------------------|
| Teórico | (6 puntos) |
| Tema | 4 puntos |
| Definicións | 2 puntos |
| Práctico | (4 puntos) |

IDENTIFICACIÓN DOS TEMAS DAS AUDICIÓNS:

Xuño.

OPCIÓN A, *Adios, meu meniño*, M. del Adalid

OPCIÓN B, *Mestres cantores* (Obertura) R.

Wagner.

Setembro:

OPCIÓN A, *As catro estacións* (Inverno), A.

Vivaldi //

OPCIÓN B, *Negra sombra* J. Montes.